


FOLLATOS

Boletín Informativo da Biblioteca do CEIP Filomena Dato. A Valenzá. Nº 0

SUMARIO


- ☞ ¿Que é *FOLLATOS*?
- ☞ Filomena Dato Muruais e as letras



¿Que é *FOLLATOS*?

FOLLATOS vai ser o Boletín Informativo da biblioteca do noso centro, que teredes en cada aula no taboleiro e que vos dará conta de todas as novidades que vaian xurdindo en relación ó mundo dos libros.

Pero...¿Por qué escollemos este nome?. É o nome dun libro que consta de 45 poemas en galego escrito pola poetisa ourensá Filomena Dato. Esta obra comeza co texto "Defensa das mulleres", onde a autora desmonta os tópicos máis frecuentes na súa época sobre as mulleres, recorrendo a figuras como María Pita ou Rosalía de Castro. En 1887 gañou con esta composición o certame de poesía 'Cidade de Ourense' na honra do Padre Feixóo.



Portada do libro de poesías "*Follatos*"

Filomena Ana Dato Muruais e as letras

Filomena Dato Muruais naceu en Ourense no ano 1856. Nesta cidade colaborou co movemento literario que naquela altura encabezaba Lamas Carvajal en Barbaña. Foi unha das escritoras máis significativas da denominada literatura feminista da segunda metade do século XIX, non só pola amplitude da súa obra na nosa lingua, senón tamén pola súa faceta

como oradora en varios foros en defensa das mulleres. Galiza e a muller son temas recorrentes na obra da autora ourensá.

A súa carreira literaria comezou en 1891 coa publicación do libro *Follatos*. Trátase dun conxunto de corenta e cinco poemas, integramente en galego, dedicados á Infanta Sabela Francisca de Borbón. Esta obra comeza co texto "Defensa das mulleres"—exactamente o mesmo título que o Discurso XVI do *Teatro Crítico e Universal* (1726-1740) do P. Feixoo—, onde a autora desmonta os tópicos máis frecuentes na súa época sobre as mulleres, recorrendo a figuras como María Pita ou Rosalía de Castro. En 1887 gañou con esta composición o certame de poesía 'Cidade de Ourense' na honra do Padre Feixóo.

En 1906 Filomena Dato ingresou na Real Academia Galega como membro correspondente. Os últimos anos da súa vida morou na Coruña, onde morreu o 27 de febreiro de 1927. Como afirma Aurora Marco, a súa é unha "poesía romántica, descritiva, poesía de feitura popular (romances e cantares), onde abrolla a saudade cando está escrita fóra da súa terra". Escritora bilingüe, é colaboradora habitual nos xornais da súa época como *El Heraldo Gallego*; revista que dirixía Lamas Carvajal, *A Monteira*; *Patria Gallega*; as catalás *La Ilustración Ibérica* e *Barcelona Cómica*; ou as habaneiras *Eco de Galicia*, *Follas Novas* e *Galicia*. Pronunciou conferencias de comprometido ton antimisóxino en seráns literarios, xogos florais, homenaxes e outras intervencións públicas, como a que ofreceu en 1913 no Círculo de Artesáns da Coruña.

Na década dos oitenta Filomena Dato converteuse non só nunha poeta profusamente premiada senón, e sobre todo, nunha das voces máis sobranceiras do feminismo galeguista de entre séculos. De feito é a segunda escritora, logo de Rosalía, que publica un libro en galego no século XIX. O seu era un feminismo católico e "racional", como diría Sara Ínsua, ben diferente do feminismo radical e masculino que caracterizaba ás sufraxistas inglesas contemporáneas. Pero, iso si, nos seus escritos e nos seus discursos constátase o protagonismo das mulleres, especialmente das que pertencían ás clases populares, sobre as que escribiu diversos cadros en verso e prosa salientando as súas cualidades e a súa difícil situación. En 1906, ano da fundación da RAG, foi nomeada académica correspondente xunto con outras literatas contemporáneas como Carmen Beceiro, Emilia Calé, Sofía Casanova,...

Obra de Filomena Dato

Penumbras. Colección de poesías Establecimiento tipográfico de R. Labajos. 1880. Madrid.

La letanía lauretana en verso, Imprenta de La Propaganda Gallega. 1887. Ourense.

Follatos. Poesías gallegas, Imprenta de Antonio Otero. Ourense. 1891

Romances y cantares, Imprenta de Antonio Otero. Ourense. 1895

A la tuna conimbricense, Imprenta El Eco. Santiago de Compostela. 1898

Fe. Poesías religiosas, Tipografía El Noroeste. A Coruña. 1911

¿Quieres saber máis?

<http://bvg.udc.es>----- biblioteca virtual galega

<http://www.culturagalega.org/>----- cultura galega

<http://ourensenotempo.blogspot.com>--- blog de Jesús Fernando Román Alonso, autor do libro “Filomena Dato”



Portada do libro do
escritor ourensán
Jesús Fernando
Román Alonso

Libro dispoñible na biblioteca do centro

Á GALICIA

Nobre Galicia, singular matroa
d' espiñas e loureiros coroada:
quixérate cantar, nai adourada,
¡e non te sei cantar...! ¡Pátrea perdoa!
Perdoa s' a cancion apasioada
qu' arrinc' â probe lira
n-é dina d' o esplendor d' a tua coröa.
Grand' é o sol com' a tua groria grande,
brilante cal sua luz tua groria pura:
xigante com' a d' él tua hermosura.
Teus doces trovadores,
que cantan as tuas grorias
son paxaros cantores
que gaban d' ese sol os respradores.

...

Ledas Mariñas, onde seica estivo
o pradiso qu' Adan perdeu pecando:
¿Quén vos viu unha vez que non sospire
vosas doces bellezas relembando?
¿Quén trepou unha vez ese chan verde,
que d' invern' e de vran está frorido,
que non cobice sempre estar durmido,
pra poder sempre estar con vos sonando?

-Poesía titulada “Á GALICIA” do poemario FOLLATOS, de Filomena Dato-

**MIL PRIMAVERAS MÁIS PARA A
CULTURA GALEGA**